

# Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Couceiro Pérez, Xosé Luís (2013): “De santo Acisclo”, en Rosario Álvarez / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo / Maria Ana Ramos: *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 125-143.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## De santo Acisclo

XOSÉ LUÍS COUCEIRO

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Un sector moi importante da Onomástica, polo menos na nosa cultura, correspóndelles ós haxiónimos; o seu estudo sempre chamou a atención dos curiosos lectores de tal materia, sobre todo cando se incidía naqueles nomes que, por teren entrado en épocas realmente recuadas no culto e na devoción popular, acusan unha erosión fonética que só a mestría do estudoso é capaz de descubrir para asombro do afeccionado.

Pero mentres esa usura fonética actúa espontaneamente na lingua oral, limando os empeitizos cos que tropeza o falante, hai un rexistro culto ou semiculto que evita ou trata de contrarrestar esa deriva, proponendo por escrito ou na predicación devota as formas inventariadas polos diversos cultos como oficiais; e ambas tendencias poden convivir, como se observa con moita frecuencia, por exemplo no nome popular dunha parroquia rivalizando co recoñecido pola administración eclesiástica: Seivane ó pé de San Xoán ou Zamáns no sitio de San Mamede.

Nun maxistral artigo, como todos os seus, sobre o reflexo dos nomes dos santos tradicionais na toponimia peninsular, J. Piel (1949-1950), despois dunha presentación preliminar, inventariábaos na documentación histórica e explicaba os seus resultados na xeografía hispana, de modo breve. Os santos, xebrados polo criterio da orixe, agrupáronse alfabeticamente en catro grandes apartados: os primitivos autóctonos, os de procedencia oriental, os oriúndos da Galia e os impulsados pola igrexa de Roma. O estudo individual de cada santo responde, en xeral, a un mesmo esquema, como é o dun curto apuntamento biográfico, primeiras documentacións históricas segundo o resultado latino ou romance e, finalmente, un par de notas sobre a situación actual. A concisión resultaba esencial, pois está-

base traballando con 90 fichas<sup>1</sup> —ou artigos como os denomina Piel—, un número realmente alto se se ten que cinguir ó que é a extensión habitual da revista. Aínda así, o artigo aproxímase ó centenar de páxinas.

Nin que dicir ten que Piel traballou naqueles tempos servíndose de apoios exclusivamente librescos, a penas dunha trintena de obras selectas, grandes coleccións documentais, estudos de onomástica e dicionarios xeográficos. En contraste con esta escaseza, o actual desenvolvemento de aplicacións informáticas permite non só agregar, pouco a pouco, esa bibliografía, senón tamén incrementala pola adquisición de estudos monográficos que se incorporan ó xa importante caudal de grandes bases de datos. A expansión dunha rede global, Internet, permite na actualidade facer consultas case impensables non hai moitos anos. Os poderosos e diversos buscadores, navegadores, permiten chegar dende a mesa de estudo a recunchos antes imposibles. Visto doutra forma: son as distintas comunidades culturais e científicas as que poñen ó servizo do interese común, mediante procedementos velocísimos, os electrónicos, os seus tesouros documentais. Así, aproveitando esta circunstancia, e usando preferentemente estes medios, decidimos ampliar un pouco o que sucinta e xenerosamente nos ofrecera o profesor alemán. Aínda que os resultados poden parecer en cantidade moi significativos, ó cabo responderán bastante ben ó que condensadamente nos ofrecera hai moitos anos a investigación que inspira estas liñas.

Na elección optamos pola primeira ficha, a dedicada a un santo de nome algo estraño para nós aínda que non totalmente descoñecido: santo Acisclo. Trataremos de valernos case que exclusivamente deses novos modos de achegar información, información que pode estar en calquera parte do mundo; algúns, en cambio, estarán fisicamente moi próximos e deles confiamos en servírmonos repetidamente. máis importantes son, nos seus acrónimos, CODOLGA, TMILG, TILG e CORGA, bases de datos que tratan de recoller canto se escribiu e escribe en Galicia, en latín e en galego; a primeira e última teñen a súa sede no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, mentres os Tesouros residen no Instituto da Lingua Galega, pero tamén teñen un excelente enlace no RILGA. As súas correspondentes hispanas son máis escasas, non nos parecen tan sistemáticas como as mencionadas e só as usaremos en casos puntuais.

---

1 Esta é a cifra que o investigador lle apón ó último santo e que se vén incrementando dende o número 1, precisamente santo Acisclo. Nos 'aditamentos' finais, á parte das correccións puntuais, apunta unha nova ficha, suxerida pola lectura de P. David, para san Mauro, que debía levar, dada a orde alfabética seguida, o número 80, subindo deste modo o total a 91 fichas, é dicir, 91 santos. Para mellor ocasión deixará as malas segmentacións no nome dos santos e os pseudohixiotopónimos.

O nome como tal vén xa do latín *ascia* (Becker 2009<sup>2</sup>) unha forma diminutiva, *ascisculus*, que se transformará nun *cognomen Acisculus*, recollido como tal, disimilado, por Kajanto (1982). O nome común recóllese amplamente nalgún dicionario, como no de Daremberg (1963-1969<sup>3</sup>), s.v. *ascia*, onde se ve en debuxos que hai instrumentos moi parecidos coa mesma designación, que comunmente é usada por carpinteiros, canteiros ou albaneis. A ferramenta adoita aparecer cunha pa lixeiramente corveada, con fío ou cun pico por un dos lados, e de mango curto, aínda que nalgún case vese un mango máis longo para dúas mans en golpes enérxicos en madeira, como os dun carpinteiro de carros ou dun mestre de ribeira. Nalgúns casos a verba aplicábase non só á nosa actual *aixola*, que está ou estaba na man do zoqueiro, senón tamén á que chamariamos hoxe *pico*, outra ferramenta ben coñecida dos canteiros<sup>4</sup>.

Neste último dicionario temos un lema *Acisculus* ou *Ascisculus*, cunha ilustración, unha moeda que ten representada nunha das caras unha ferramenta en forma máis ben de pico e que parece que lle servía de emblema á familia romana de L. Valerius Acisculus, un coetáneo de César e Pompeio. Noutras moedas, en cambio, unha das puntas aparece aplanada, en forma de fío, pero sen saír dos útiles usados polo canteiro. Nalgúns comentarios a ferramenta parece figurar nas mans do deus Vulcano, achegándose así ó campo da metalurxia<sup>5</sup>.

Xa que se trata dunha ferramenta propia da cultura material que utilizaban moitos oficios, era de pensar que a forma latina *acisculum* se transmitiría cunha certa profusión ás linguas romances e, polo visto, non é así xa que só o castelán ten unha forma semirromanceada, *aciche*<sup>6</sup>, que segundo o dicionario da RAE se remonta a aquel étimo –a través do árabe hispano *acilĕ*– e que describe como ferramenta de solador con dúas bocas e en forma de enxó, aixoa ou aixola<sup>7</sup>. Así que a maioría dos romances optaron pola base *ascia* ou outro diminutivo, *asciola*.

2 s.v. *Acisculus*, onde se apunta tamén a unha base, *acies*, que nos parece menos probable polo que arriba se di.

3 s.v. *ascia* e *acisculus*.

4 A usada por canteiros e albaneis podía parecerse máis a un pico cunha ou dúas ás planas. De feito Ernout-Meillet (1985) no seu dicionario etimolóxico do latín, nos derivados, describen *ascisculus* como un pequeno pico; a outra forma alternante é *acisculus*, quizás influída por *acies*.

5 Unha busca en Google/imaxes, coa palabra *acisculus* proporciona fotografías de moedas con efixies da familia Valeria ó lado da ferramenta emblema, ás veces algo estilizada, nas que se poden observar formas lixeiramente diversas.

6 Google localiza un Aciche, nome de empresa, en Burgos capital.

7 Este mesmo buscador, coa mesma configuración –Google/imaxes–, ofrece polo menos dúas fotografías distintas, á súa vez diferentes da descrita pola RAE. CORDE, a base de datos histórica desta institución, só ofrece realmente un exemplo para *aciche*, ferramenta: «se desbastan con el aciche las caras

No acreditado polos especialistas *Diccionario de los santos* (Leonardo *et al.* 2000) trázase unha pequena biografía con apoiatura bibliográfica de Acisclo, que se sitúa no s. III, sen precisar os anos. Tamén se alude a santa Victoria, aínda que esta terá no seu lugar lema propio<sup>8</sup>. Os dous son cualificados de «mártires». Advirte, así mesmo, que as actas do martirio do santo empezaron a circular no s. VIII, pero que a devoción á santa aínda era descoñecida no centro difusor do culto, na Córdoba do IX, e que no X non estaba entre as festividades locais. A devoción a Acisclo<sup>9</sup> parece arrincar da celebración do seu martirio -xunto coa doutros mártires hispanos- polo poeta aragonés Prudencio, que vive de mediados do s. IV ata principios do V, polo tanto xa a unha certa distancia dos acontecementos. Máis tarde, no s. VI, un martiroloxio atribuído a san Xerome -parece que falsamente- introduce a festa do santo cordobés no seu calendario, inaugurando o ano eclesiástico, o 17 de novembro. Seguramente padeceu martirio na época de Diocleciano e xa desde antigo venerouse a súa memoria nunha basílica cordobesa a el dedicada e onde se enterraron outros mártires cordobeses<sup>10</sup>.

Mentres o martirio do santo aparece contado nas biografías como o de moitos outros santos do tempo das persecucións, o martirio da santa chéganos, falto de toda documentación, pero truculento e sádico, con aspectos morbosos e xestos imposibles debido á enfermiza imaxinación de falsos biógrafos que parecen asistir ás deposicións xudiciais e ós conseguíntes tormentos<sup>11</sup>.

---

laterales», de 1930; pola súa parte, «hagas este vino stíptico: toma un poco de aciche y las cáscaras del encina y un poco de escoria», do s. XVI, parece responder a un segundo lema, homónimo do que comentamos, que alterna con outra forma que parece obedecer máis de perto ás leis fonética, *aceche* ‘caparrosa’ (M. Moliner), pero que o propio diccionario dá como de orixe distinta. CREA, a outra gran base de datos para o castelán actual, non rexistra ningunha das formas.

8 Para un esbozo rápido e fiable v. [<http://www.eltestigofiel.org/lectura/santoral.php?idu=4200>].

9 Aínda hoxe a súa memoria pode inspirar un poema dedicado a san Fernando, de Ignacio M. Argote: ¡Súbito resplandor!... feliz portento /los cristianos admiran fervorosos;/ huyen las nubes, y cruzando el viento/ dos jóvenes se ven puros y hermosos /radiantes en el claro firmamento;/ son Acisclo y Victoria cariñosos/ que dicen á Muñoz «Alienta y anda;/ Córdoba es tuya porque Dios lo manda [<https://docs.google.com/viewer?url=http%3A%2F%2Fwww.biblioteca.org.ar%2Flibros%2F70756.pdf>].

10 Como se dixo, o culto a santa Victoria tarda centos de anos en asociarse ó do seu irmán e, posiblemente, o nome pertencía a outra santa -de Hierópolis- cuxa festividade se celebraba o 17 de novembro e que na tradición eclesiástica empeza a asociarse a Acisclo, primeiro na liturxia mozarabe e, finalmente, na romana a través da autoridade de César Baronio, cardeal e historiador eclesiástico morto a principios do s. XVII. Esta é a opinión de J.L. Repetto.

11 A *Legenda aurea* orixina os *flos sanctorum* que dan en novelar e dramatizar con detalles arrepiantes as biografías de nula ou escasa documentación. Fitos na difusión de lendas esaxeradas foron as obras de A. de Villegas e a do P. Ribadeneira. Nesa liña hiperbólica está, por exemplo, o xesuíta J. Croisset, que, traducido polo sonado P. Isla, agudiza e difunde, aínda hoxe, por páxinas web de asociacións católicas, estes delirios mentais. A modo de exemplo, véxase un dos suplicios de santa Victoria con feitos capri-

O nome común *acisculus* empeza, pois, a ser usado dentro do latín imperial como sobrenome aplicado a un membro dunha familia principal romana, ó mencionado Lucio Valerio, nome que só se rexistra en material numismático. Na literatura clásica latina case nin aparece<sup>12</sup>. Non temos, pois, información de fontes epigráficas distintas das moedas<sup>13</sup>. Logo, realmente, é cando se escriben os primeiros himnos e calendarios eclesiásticos cando se rexistra por vez primeira o nome e xa referido ó santo cordobés; é na coñecida como Patroloxía de Migne onde reaparece xa o nome do cordobés rodeado da aura de santo<sup>14</sup>.

A busca en CODOLGA, a base de datos do latín nos documentos feitos ou referidos a Galicia –polo tanto, non necesariamente procedentes todos de aquí, da actual zona administrativa galega (basta simplemente que teña unha relación con ela)-, ofrece os seguintes datos que encabezan os documentos sen data; esta é a disposición que ten por defecto o programa. Dada a facilidade de localización nesa base de todos os datos complementarios (número, páxina, editor etc.) e para non sermos prolixos damos só os textos e a súa procedencia; cando poidamos dar a data, esta precederá o resto.

[u]illa de Ualiriz, media, quarta de Nassario de Sancto *Acisclo*, aliud Nassario de Miraz cum sua deuesa. in territorio Nemitos (Sobrado- Coruña).

uillas que sunt in Aurio, id sunt: Villa in Sancti *Aciscli*; Villa de Radulfi; Villa Mayorciti; villa in Uillare (Lourenzá- Lugo).

---

chosos e incongruentes: «Y de allí á un poco se oyó otra voz que les decia: ‘Venid á mí, Santos míos, y recibiréis las eternas coronas y el premio de vuestra pelea’. Oyó Dion esta voz del cielo y mandó que cortasen la lengua a santa Victoria porque mientras habían durado aquellas hablas celestiales no habían ejecutado los verdugos el primer decreto. Cortáronle la lengua y, recibiendo en la boca santa Victoria el pedazo que le habían cortado, se la escupió al juez en la cara y, dándole en un ojo, le dejó ciego. Entonces la Santa exclamó en voz alta diciendo ‘Ó Dion’». Localizable tal cal mediante Google.

- 12 V. nota seguinte. Tan só estes dous textos: Marcus Fabius Quintilianus, *Institutio Oratoria* 6.3.53.3: «tam frigida quam est nominum fictio adiectis detractis mutatis litteris, ut Acisculum, quia esset pactus, ‘Pacisculum’, et Placidum nomine, quod is acerbus natura esset, ‘Acidum’, et Tullium, cum fur esset, ‘Tollium’ dictos inuenio». E o segundo: Pomponius Porphyrio, *Commentum in Horati Sermones* 1.2.94-95.7: «uilis fuit, ut in aede Veneris theatri Pompeiani adulterium cum Valerio Acisculo [colono] tribuno plebis obducto uelo admiserit».
- 13 Para o estudo particular do nome existe unha monografía que non puidemos consultar: Lenormant, Charles (1840): *Notice sur les derniers romains qui portent le nom de L Valèrius Acisculus*, Paris: Imp. de Crapelet.
- 14 Estas informacións débollas ó Dr. J. M. Díaz, posuidor deses textos en formato electrónico e habilísimo na súa consulta con programas *ad hoc*. Á súa paciencia e sagacidade, a horas intempestivas, es-toulle repetidamente agradecido. Véxase, por exemplo, esta busca con contexto na citada Patroloxía: <http://pld.chadwyck.co.uk/all/search>, que proporciona, entre outros, os seguintes resultados: aciscle (2 casos), Aciscli (118), acisclo (17), acisculum (23), aciscus (31), etc.

ornamenta de ecclesia pernominata, id est, uno libro de Ssancti *Aciscli* usque ad Pascha perfectum, et alio de Pascha usque... (Celanova- Ourense).

Entre os documentos datados, ten importancia o primeiro, xa que adianta nunha decena de anos a ofrecida por Piel; no segundo e no terceiro xa hai coincidencia: Para dar unha idea sobre a dispersión procuramos incluír os testemuños alleos a Galicia se os dá CODOLGA. Os textos de 1025 e de 1045 poñen de manifesto o lugar especial que ocupa o santo dentro da liturxia da Igrexa, xa que inicia o ciclo que vai do que hoxe é o Advento ata a Pascua, recollendo así a tradición dos vellos calendarios hispanos:

- 822 quod nuper manibus meis edificaui, sanctorum Romani et sancti *Aciscli* et sancti Cipriani episcopi et sancti Clementis, concedo omnia mea (Oña-Burgos).
- 831 illa nobella de Lopelli et una ad Maurin; ad Sancto *Acisclo* in Boida casas et horrea sibe et cortes, senera que (Liébana- Santander).
- 853 Quirici, ubi est nostro torcular: illas vineas de super S. *Aciscli* ubi dicent Fontanas iuxta villa Lombana, latus via qui discurrit (San Millán- Logroño).
- 871 (ca) - 1034 (ca) abbate Helhorriga usque s. Romani et sancta Agatea et s. *Aciscli* et s. Emeteri et Celedoni et s. Christofori cum suas... (id.).
- 905 Clementi de Kanales, sancti Uincentii de Carello, sancti Tirsi, sancti *Aciscli*, circa Condres; sancti Andree circa Castello, sancti Iohannis de Edrados (Oviedo-Asturias).
- 966 Ualeiri, medietate de ambas et quarta de nasario de Sancto *Acisclo* et alio nasario de Miraci integro cum sua deuesa (Sobrado-A Coruña).
- 1025 (ca) - 1040 (ca) ornamenta de ecclesia pernominata, id est uno libro de sancti *Aciscli* usque ad Pascha perfectum, et alio de Pascha usque in (Celanova-Ourense).
- 1045 sancto integra et ibi testamus libros uno mistico de Sancto *Acisclo* usque dominico de ante introitum et alio mistico de introitum (Braga-Portugal).
- 1078 Sancto Romano usque in Comatum et per Pausatorio, per Sancto *Acisclo*, per Aqua Lata usque se diuidet per circu (Lourenzá-Lugo).
- 1113 de Rio Maiore, et determina se per terminos de sancti *Aciscli*, et inde per terminos de Miragano, intus et foris (Xubia-A Coruña).

Na documentación romance en TMILG atopamos dous testemuños, baixo a forma *Acisco*, que quizás sexan formas lixeiramente romanceadas que apuntan ó noso santo, sobre todo se pensamos que é nesa zona onde hoxe perviven tales topónimos. Aínda que Viveiro e Mondoñedo non están moi lonxe un do outro, chama a atención a unanimidade na escritura do nome, que parece tradicional nas mans dos escribas; e de paso dan conta da devoción de dous fieis polo santo:

1313 Et contensse na dita manda entre las outras que que mandaua a dita The-  
reya Fanega, aa Igrexa de Villamayor o seu quinon da igrexa de San *Acis-  
co*, que complara et gaanara por saluamento de su alma (Viveiro-Lugo).

1420 Et mando aa See de Mendonnedo et coengos et persoas et raçoeiros mill  
mor. de moeda vella con tal condiçõn que me digan cada anno, en outro  
dia de dia de San *Acisco*, aa sua loa, hua Missa cantada de Requiem et con  
sua prociçõn (Mondoñedo-Lugo).

En cambio o TILG (Instituto da Lingua Galega), a base de datos do galego literario moderno e contemporáneo –iníciase con textos a partir de 1612–, a pesar de ter dedicada unha etiqueta ós nomes propios que logo distingue en xeográficos, en institucionais, en persoais e nos referidos a animais, non rexistra ningún caso de *Acisclo*. Do seu silencio os sociolingüistas poderían deducir comportamentos sociais e culturais que se nos escapan, pero seguramente o dato non está falando a favor dunha devoción ou tradición cultural en auxe<sup>15</sup>, aínda que haxa, como veremos máis abaixo, parroquias que teñen de titular a santo Acisclo. Pero tampouco atopamos entre os personaxes de ficción ningunha mostra: parece que Acisclo non evoca nada nos creadores de personaxes á hora de darlles un nome que poida soar á desusado, remoto, propio da cultura campesiña, dun calendario que impón o santo do día –que si existe en certas comarcas– etc.; é dicir, un personaxe que polo seu simple nome adquirira unhas calidades, positivas ou negativas, na mente do creador, pero tamén nas dos seus lectores. Como veremos, isto contrasta bastante coa literatura castelá<sup>16</sup>.

15 De feito, segundo <http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm> (20/05/2012), hoxe non habería ninguén bautizado Acisclo en número apreciable, superior a cinco, que é o seu número máis baixo para dar informes sobre a existencia de cidadáns así nomeados en cada provincia. Dito doutro xeito: se existen Acisclos, estes, como moito, non pasan de catro por provincia.

16 Basta dar un vistazo a CORDE ou a CREA, pero máis completo e ó buscador interno da biblioteca <http://www.cervantesvirtual.com/>, na que se poden localizar diversos personaxes co nome do santo; a súa presenza como personaxe relevante é notable na novela *Doña Luz*, do egabrense, cordobés polo tanto, J. Valera e en *La saga/fuga de J. B* de G. Torrente Ballester, que lle dá este nome a un persoaxe atípico, estrafalario, cóengo de oficio, na liña musical doutros cóengos cuxo nome empeza sempre por A.

O santo tamén foi coñecido na documentación procedente de Portugal e aparece en catro ocasións nos *Portugaliae Monumenta Historica*. Os tres primeiros textos concordan bastante ben coa tradición hispana. O último, xa coñecido por J. M. Piel e por el datado no 1258, dá cando menos a titularidade dunha igrexa, xa que non parece ser haxiotopónimo das terras circundantes:

Nonnulli confessione floribus ornatos Sanctis dei martiribus *Aciscli* Romani Ualeriani Facudi et primitiui iusti et pastoris Adriani Juliani Sebastiani Georgii Felicis Tirsi consocios sacro cruore perfusos (*Portugaliae Monumenta Historica: Diplomata et Chartae*, LXXVI).

Regula passionum de sancti *asciscli* usque sancto sebastiano. psalterium. crucem. capsam. casula de olari. amictum et alua et dalmatica et II orales (*Portugaliae Monumenta Historica: Diplomata et Chartae*, CCXLVIII).

cum uirgines eolalie columbe tecele christine agate dorotee celesli talamo conlocatas cum martiribus *aciscli* romani facundi (*Portugaliae Monumenta Historica: Diplomata et Chartae*, CCCXL).

*De Pugeiros.* - Petrus Filius juratus et interrogatus de patronatu ecclesie Sancti *Ecisc1i* termino de Sancto Fiiz juratus et interrogatus dixit, quod Abhas de monasterio Sancti Johannis de Pendorata presentat dicte ecelesie (*Portugaliae Monumenta Historica: Inquisitiones Affonso III, Terceira Alçada*).

Na gran base de datos para o castelán da Real Academia Española, CORDE, que inclúe tamén documentación latina medieval, sobre todo aquela de carácter notarial, tamén nos dá conta do nome do santo cordobés e da súa dispersión na parte setentrional peninsular. Aparecen, entre outros, textos como os seguintes, que aínda que non gardan relación con Galicia, proporcionan datos, cando menos, de popularidade. A súa mención nas pequenas bibliotecas medievais dos mosteiros pequenos non resulta estraña. Repárese na rareza da forma do texto aragonés, que pode confirmar un uso que algúns dicionarios admiten só teoricamente:

1065 et illos libros III et illo psalterio et illo ymnorum et illo antifanario de pasca usque ad sancti *asciscli*. Et posuit illa uinea (Fanlo-Huesca-Aragón).

1086 Secus flumen nilone aliam que uocatur riberas medietatem in ea ab omni integritate: Et aliam uillam que apellatur sancti *aciscli* ab omni integritate cum omnibus bonis suis intus et foris (Oviedo-Asturias).

Como simple nome de bautismo vémolos facendo un documento no 985: «Eneco Garsia confirmat *Acisclus*, famulus Dei et vir, iussionis domni Sancioni

rex et domna mea Urraka regina manu propria scripsi» (Pampaneto- Cenceno-Rioja). Tamén no século x, temos dous resultados inesperados para este vello antroponimo romano, masculino, pero aplicado agora, pensamos que excepcionalmente, a toda unha abadesa –se é lectura correcta, xa que existe hoxe unha forma Acisclo<sup>17</sup>, nome para nena que dan os portais de ‘nomes’ para bautismo e que celebra a súa onomástica igualmente o 17 de novembro, como o correspondente masculino. Curioso o texto do ano 945, que parece responder ó mesmo radical, pero asimilado a unha declinación xermanizante:

923 nomina subtus exarata fiunt, tibi domna Acisclo abbatissa vel omni collegio devotarum lateri (San Pedro de Arlanza-Burgos).

945 Furtunio Galindonis confirmans, Scemeno Sancionis conf., Dompno Basal confirmans, dompno Vigila de Ataio confirmans, Ciscla presbiter confirmans. Et omnes qui adfuerunt in concilio Sancte Eolalie testes et confirmantes (San Millán-Logroño).

Ó nome do santo vai unido case sempre dende os séculos ix-x o de santa Vitoria, que nunha tradición moi posterior se lle engadiu como irmá e que o rito mozárabe celebra conxuntamente o día 17 de novembro<sup>18</sup>, con misa propia, de solemnidade media. A biografía e martirio de santo Acisclo responde, segundo a *Vida de los santos*, a feitos históricos, aínda que o ano da súa morte por decapitación non poida ser precisado<sup>19</sup>. Véxase este texto de santo Isidoro, entresacado da

---

17 O nome feminino parece estar nun texto contemporáneo de J. Benavente, no drama *Señora ama*, que trata de caracterizar personaxes populares polo seu modo de falar (CORDE): «Gubesinda ¡Y si las que más tenéis hablando de toas en vuestra vida habéis sido vosotras! Pa al fin y a la postre venir a caer en lo mismo, que no hay como hablar pa que too caiga encima... ¿Qué no tendréis hablando de la Jorja y de la Engracia y de la Ciscla y de toas».

18 A opinión dos bolandistas exprésase en *Acta Sanctorum*, base de datos (pp. 606-607); pode apreciarse que as reservas con respecto a santa Vitoria son palmarias; aquí tamén se recolle a brevísimas mención de Acisclo: «[IN SPANIIS] Cordubensem martyrem Acisculum, non Aciscclam, novit Prudentius:/ Corduba Acisculum dabit et Zoillum /tresque coronas [*Peristeph.*, iv, 19-20].

19 A modo de exemplo (pode visitarse esta páxina web, ó final da nota): «Allí permanecieron varios siglos recibiendo el devoto culto de los cordobeses, repartiéndose sus preciadas reliquias en diferentes ocasiones. San Eulogio envió una al obispo de Pamplona; en el Monasterio de San Román, cerca de la ciudad de Toro, existen reliquias desde el siglo vii; de igual tiempo las hay en la ermita de Santiago del Camino en Medina Sidonia; hacia el año 810 fueron trasladadas sus cabezas y gran parte de sus cuerpos a Tolosa en Francia; en el monasterio benedictino de San Salvador de Breda, hay 62 trozos de huesos y las reliquias que quedaron en Córdoba, fueron sepultadas juntamente con los demás mártires en el sepulcro que providencialmente fue hallado el día 21 de noviembre de 1575 en la Igrexa de San Pedro, donde en la actualidad son veneradas» [<http://www.silencioblanc.org/TITULARES03.htm>, 12-01-2012].

súa *Historia de regibus gothorum, vandolorum, sueborum*, relativamente próximo no tempo, no que está ausente do prodixio o nome da irmá<sup>20</sup>:

Aera DLXXXVII, imper. Justiniani XXIV, extincto Theudisclo, Agila rex constituitur regnans ann. v. Iste adversus Cordubensem urbem praelium movens, dum in contemptum catholicae religionis beatissimi martyris *Acisclo* injuriam inferret, hostiumque ac jumentorum cruore sacrum sepulcri ejus locum, ut profanator, pollueret, inito adversus Cordubenses cives certamine, poenas dignas, sanctis inferentibus, meruit. Nam belli praesentis ultione percussus, et filium ibi cum copia exercitus interfectum amisit, et thesaurum omnem cum insignibus opibus perdidit.

A importancia e consideración dos dous santos pode medirse pola súa posición no calendario, non só dentro do mozárabe senón tamén nos posteriores, que conservaron por séculos a súa situación, a unha semana da festa de san Martiño e iniciando o ano litúrxico, feito ó que aluden algúns dos documentos citados máis abaixo. A unión dos dous santos cordobeses pervive non só na titularidade dalgúns parroquias hispanas, na igrexa principal do lugar, senón tamén en entidades menores como as ermidas. Así atopamos unha na propia cidade de Córdoba, onde hai, ademais dos lugares mencionados, igrexas ou basílicas, un milladoiro na ponte romana, dedicado outra vez ós seus patróns, tanto da cidade como da diocese.

Como se dixo, a existencia do culto a santa Vitoria<sup>21</sup> tarda centos de anos en emparellarse ó do seu irmán e, aínda que ten un carácter fabuloso, si que o acompañará case constantemente na advocación e titularidade de moitas igrexas hispanas, ata tal punto que, dada a cacofonía que algúns falantes podían atopar para a pronunciación de *Acisclo*, poden decidirse pola máis doada de «santa Vitoria»; hai, polo tanto, co paso dos anos, un *Acisclo* esquencido e arquivado para os falantes, non quizás para os administradores eclesiásticos nin para os investigadores modernos. Isto, dito doutro xeito, pode significar que alí onde atopamos hoxe unha santa Victoria, quizás poidamos pensar nun *Acisclo* esquencido. Pero, tamén en beneficio da economía e da brevidade do discurso, é relativamente frecuente que a esquencida sexa a santa e que *Acisclo* asuma a titularidade dunha

20 [<http://www.thelatinlibrary.com/isidore/historia.shtml>] (24-05-2012).

21 A biobibliografía crítica máis documentada que coñezo é a de García Rodríguez, Carmen (1966). Entre as páxinas 220 e 225 vén afirmar a historicidade de *Acisclo*, apoiada en repetidas citas de calendarios visigodos e mozárabes, mentres a figura de Vitoria non aparece ata o s. x, en Lyon, sen ningunha mención anterior na Hispania. García Rodríguez trata de explicar esta inesperada inserción no martiroloxio onde *coroa* e *victoria* son tópicos do xénero. E non é persoa sospeitosa de parcialidade, pois trátase dunha relixiosa cuxa obra está avalada por un recoñecido especialista neste campo, como foi J. Pérez de Urbel.

igreja e consecuentemente se impoña só como haxiotopónimo. A aparición simultánea dos dous nomes, ou o da santa illado, fala, polo xa visto, a favor dunha titularidade posterior ó século x. Se aparecera antes, pódese cuestionar a orixinalidade ou, mellor, a veracidade do documento.

Xa no romance, pervive a lembranza do martirio na historiografía e, en particular, nos relatos haxiográficos que se van magnificando e dramatizando co paso do tempo. Estes, sobre todo despois da *Legenda aurea* de J. de Voragine, farán fincapé nas circunstancias dos crueis suplicios, descritos por veces con saña, que causan a morte dos perseguidos; tamén se deteñen nos posteriores milagres que se realizan ó redor do seu sarteiro ou en presenza das súas reliquias, que xa se recollen, entre outras, na obra do Afonso x e do seu sobriño don Juan Manuel, de ton claramente contido aínda, e que seguen bastante de perto relatos latinos:

1270 c. Muchos martires sin cuenta. Sant *Acisclo*. Sant adrian con sos companeros. Sant cosme (Estoria de Espanna).

1320-22 c. ensuziar las sepolturas de sant Benito e de sant *Acisclo*. E ovo vn torneo con los de la villa e fue y... (Cronica abreviada).

1385 Muerto theudisco leuantaron rey agilla. el qual mouio guerra contra cordoua. & en uituperio de la fe catholica destruyo la sepultura de sant *acisclo* martir. porel qual peccado plazio a dios que fue uençido siempre por sus enemigos. los quales le mataron su fijo enla batalla (Gran Crónica de España, I - Fernández de Heredia, Juan).

O culto a santo Acisclo, un cidadán romano, parece que nun principio non sobrepasou o ámbito de Córdoba e a súa provincia en época romana e visigoda e que foi permitido incluso baixo a dominación musulmana. Neste sentido resulta un tanto sorprendente a súa práctica ausencia no resto da Bética; sen tocar a Lusitania e o sur da Tarraconense. Posteriormente, cando se estende o culto das reliquias a partir do s. vi e coa subida dos mozárabes cara o norte peninsular, empeza a difundirse o seu culto, que chega a sobordar os Pireneos polo Rosellón, como veremos. Con el tamén van outros santos que a tradición xa unira en Córdoba, como Adrián, Zoilo, Xenaro ou Fausto, amén de Xusta e Rufina<sup>22</sup>. Una determinada devoción iría na cultura espiritual dos mozárabes xunto coa súa lingua romance.

As reliquias dos santos empezaron, pois, a proliferar e a distribuírse, sendo obxecto dun comercio próspero que pode dicirse que chega ata os nosos días, para

---

22 García Rodríguez –v. nota anterior– *passim*, especialmente o cap. vii.

tratar de satisfacer a devoción por determinados santos. Estas reliquias pasan a ser bens inventariables da igrexa, aumentando o seu valor espiritual e material. Entre moitos, véxase este exemplo do mosteiro de Monserrat: «Reliquia de Santa Magdalena colocada en un medio Cuerpo de plata. Un brazo de San Asisclo Mártir puesto dentro de otro de plata y la Cabeza de su hermana Santa Victoria Mártir. Una costilla de San Adriano Mártir en una Pirámide triangular de plata de una vara de alto<sup>23</sup>».

Actualmente a páxina web <<http://www.geonames.org/>>, interrogada por «San Acisclo» na opción «todo o mundo», só subministra da súa base de datos catro topónimos: Sant Iscle de Vallalta (alternativo, S. Acisclo), na provincia de Barcelona; Gullade (alternativo, S. Acisclo), na provincia de Lugo, cerca de Monforte de Lemos; San Acisclo/Valle de Oro, no Valadouro lugués e, finalmente, Sant Iscle de Colltort (alternativo, San Acisclo), casarío xerundense de San Feliu de Parellols. Se a consulta se fai por «iscle», só proporciona un novo dato en territorio francés, L'Isclé, poboación da Provence-Alpes-Côte d'Azur, Alpes-de-Haute-Provence, e que probablemente non ten que ver co santo cordobés. Esta base de datos, como veremos, non dá conta nin tan sequera dos centros habitados que responden a Acisclo ou Iscle. Non resulta estraño, se se considera que estes portais só recollen datos a partir dunha certa entidade mínima como pode ser o nome de parroquia, concello, etc, pero poucos descenden a nivel de aldea, casarío, muíño, etc. Estes últimos son realmente raros, pero en dúas das nosas comunidades, Galicia e Cataluña, felizmente temos detalles de toponimia menor.

Fóra de Córdoba, o lugar onde a devoción ó seu mártir enraizou en tradición que chega ós nosos días foi Cataluña. Piel localiza neste territorio, seguramente por medio do dicionario Madoz, dous lugares, Acisclo e Iscle, pero non dá ningunha data nin cita documentos. Coromines (1989-1997), polo seu lado, cita, baixo o lema *Isclés, Ayscle, Agescle, Agescule Agiscule, Aciscle, Isclas* e algúns máis, con documentación que empeza no 895 e finaliza a mediados do s. XVII. As formas rematadas en *-s* remontan ó nominativo, que posteriormente se reduce, conforme a fonética do catalán, a Iscle. Procura, ademais, precisar localizacións dalgunha desas designacións no Alto Aragón. Ós seus datos podemos achegarlle un de 1079: «et de meridie in alodio de iam dicto cenobio que tenet Mir Guillelm et de occiduo in alodio de s. *Acisclo* sive in fevo de Monte Catano» (San Cugat del Vallès-Barcelona).

Xa o dicionario de Madoz recollía algúns dos topónimos maiores nunha única entrada baixo a epígrafe de San Acisclo, pero dando ó mesmo tempo a

23 Anónimo (1851), cap. xv.

solución romance correspondente ó catalán; como veremos, hai máis destes cinco casos que, non obstante, reproducimos literalmente no seu empezo:

SAN ACISCLO LB y S de España provincia de Cataluña corregim., partido y obispado de Gerona A.O. 20 vecinos reunidos y 100 separados 60 habitantes I parroq. que tiene por aneja la de Canet.

SAN ISCLE DE AMPURDA LS de España provincia de Cataluña corregimiento y obispado de Gerona A.O. 19 vecinos, 103 habitantes x parroquia Sit. en terreno llano cerca del rio Ter...

SAN IQCLE DE LAS TEJAS Desp. S. de España provincia de Cataluña corregimiento de Mataró.

SAN ISCLE y SAN MIGUEL DE PINEDA DE ARTOLA L.S. de España, provincia de Cataluña, corregimiento y obispado de Gerona A.O. 45vecinos, 222 habitantes, 1 parroquia. Situado en terreno montañoso aunque de buena calidad...

SAN ISCLE y SANTA VICTORIA DE BAGES L.R. de España, provincia de Cataluña, corregimiento de Manresa obispado de Vich A.O. 18 vecinos, 94 habitantes, 1 parroquia Situado en terreno...

Esta información é moi importante, pero seguramente os cataláns non a verían como completa, xa que só dá unha idea sucinta da importancia desta advocación naquelas terras. Véxase se non a información, recollida directamente dos mapas -case sempre centros habitados, máis ou menos populosos-, que dá o Institut Cartogràfic de Catalunya<sup>24</sup>, precisando concello e comarca, sobre Iscle:

- Sant Iscle-Vidrerres-Selva.
- Sant Iscle-Montellà i Martinet-Cerdanya.
- Sant Iscle-Pinell de Solsonè-Solsonès.
- Sant Iscle de Vallalta-Sant Iscle de Vallalta-Maresme.
- Sant Iscle d'Empordà-Serra de Daró-Baix Empordà.
- Sant Iscle de Colltort-San Feliu de Pallerols-Garrotxa.
- San Iscle i Santa Victòria-San Fruitós de Bages-Bages (repete información).
- Ca l'Isclè-Castellfollit del Boix-Bages.
- Font de Sant Iscle-Castellar del Riu-Berguedà.
- Mas d'Isclè-la Seu d'Urgell-Alt Urgell.
- Serra de Sant Iscle-Sabadell-Vallès Occidental.
- Serrat de Sant Iscle-Pinell de Solsonès.

24 Unha vintena de lugares co nome do cordobés pode verse tamén na *Enciclopèdia Catalana*, s. v.

- Bosc de n'Isclle-Caldes de Malavella-Selva.
- Riera de Sant Isclle-Garrotxa.
- Torrent de Sant Isclle-Garrotxa.
- Torrent de Sant Isclle-Vallès Occidental.
- Sant Isclle-Pinell de Solsonès-Solsonès.
- Sant Isclle-Cabó-Alt Urgell.
- Sant Isclle-la Torre de Cabdella-Pallars Jussà.
- Castell de Sant Isclle-Vidrerres-Selva.
- Sant Isclle de les Feixes-Cerdanyola del Vallès-Vallès Occidental.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Navès-Solsonès.
- Sant Isclle i Santa Victòria-la Baronia de Rialb-Noguera.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Esponellà-Pla de l'Estany.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Dosrius-Maresme.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Castellar del Riu-Berguedà.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Bàscara-Alt Empordà.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Rajadel-Bages.
- Sant Isclle i Santa Victòria-el Pont de Suert-Alta Ribagorça (repite información).
- Sant Isclle i Santa Victòria-Rialp-Pallars Sobirà.
- Sant Isclle i Santa Victòria-Das-Cerdanya.
- Sant Isclle i Santa Victòria-San Fruitós de Bages-Bages (repetición da 4ª entrada).

Fronte á denominación conxunta de ambos irmáns, aparece illada unha Santa Victòria de Sauleda, do municipio de Santa Coloma de Farners (Selva), que pode levar a pensar na desaparición dun Sant Isclle/Aciscllo. Os datos que arriba ofrecemos parecen recollidos directamente dos mapas, de onde derivan, quizás, as repeticións. A popularidade do santo evidénciase inmediatamente na lectura final das comarcas, se ben algún dos topónimos pode proceder dun poseedor. Débese indicar que o Institut mencionado non dá ningunha ocorrencia por Aciscllo –que si aparece con resultados moi numerosos en artigos, dicionarios, páxinas webs– nin por Iscles, forma esta que encabeza o mencionado artigo de Coromines.

Fóra do Principado, atopamos en Mallorca<sup>25</sup> algún caso máis: «Han demolit es Rafal, possessió situada al camí dels Reis, coneguda també amb el nom de Son *Santisclle*.» En Andorra hai un val situado practicamente a

25 [[http://www.toponimiamallorca.net/index.php?searchword=iscle&ordering=&searchphrase=all&Itemid=183&option=com\\_search](http://www.toponimiamallorca.net/index.php?searchword=iscle&ordering=&searchphrase=all&Itemid=183&option=com_search)].

3 000 m, que conta cunha serie de igrexas orixinarias do Románico e unha delas é Sant *Aciscle* i Santa Victòria (La Massana), chamada noutro lugar da mesma web San Iscle.

Ó norte dos Pireneos localízase un par de Saint Assicle: un deles de grande importancia, pois é unha popular parroquia de Perpiñán e que dá lugar a que unha rúa, praza e moitos negocios da veciñanza asuman o seu nome para identificarse. A segunda designación, unha poboación con igual nome, está situada a carón do Rosellón pero fóra do que hoxe se considera dominio do catalán, a uns 30 km ó sur de Toulouse. Outro San Assicle sitúase en de par de Llivia –territorio español incrustado en territorio francés–, polo oeste, o camposanto de Villeneuve des Escaldes (Pireneos Orientais). Hai un Saint Assicle ‘gîte rural’ en Avignonet-Lauragais, Pireneos Centrales. Outro Saint-Siscle, en 11330 Pailharac (Francia), a altura e ó oeste do Etang de la Palme.

Outras están en lugares illados, algunha delas certamente pintoresca como a apartada de San Acisclo e Santa Vitoria en Arroyuelos (Valderredible-Cantabria), unha extraordinaria igrexa rupestre<sup>26</sup>. Polo sur localízanse hoxe dous San Acisclo, un en Lomana e outro en Tobalina, ambos en Burgos; aquí hai que situar un Santocildes (Frías-Burgos), Santocildes (Cuesta-Urria) e un Santecildo –hai unha ‘Fuente Santecildo’– en Becerril de Campos (Palencia). Máis ó norte, lembro ó santo en San Sebastián, sen que teña o dato á man, e outro en Tobillas (Valdegovía- Alava); en Elorrio, houbo unha capela dedicada a S. Acisclo, como proba unha lápida antiga co seu nome, e unha mención por parte dun bispo dunha capela dedicada a santa Victoria<sup>27</sup>, á parte doutras mencións intermedias que recolle o contributo de G. de Arregi, que traballa tamén coa nosa suposición: que onde se menciona só a santa hai que presumir tamén a antiga presenza de Acisclo. En Álava, en concreto en Lanciego, hai unha localidade cun interesante casco urbano que fala da súa antigüidade e que tamén ten unha igrexa dedicada a santo Acisclo e santa Vitoria, aínda que de orixe renacentista<sup>28</sup>; non sabemos se é continuadora doutra máis antiga de igual advocación ou se debe a unha de nova planta froito de illada e moderna devoción polo santo cordobés.

Cara ó occidente, en Santander, atopamos o seguinte:

26 [<http://www.arteguias.com/rutas/igrexasrupestres.htm>] (13-01-2012).

27 [<https://docs.google.com/viewer?url=http%3A%2F%2Fwww.euskomedia.org%2FPDFAnlt%2Fricv%2F31%2F3105070521.pdf>].

28 [<http://www.turispain.com/de-leza-a-oyon:-las-tierras-rojas-de-la-rioja-alavesa.html?doc309>].

En el barrio de Sebrango, del concejo de Mogrovejo, un poco apartada de las casas, junto al camino que baja de Llaves y Vallejo, amenazada por el argayo que arranca de la ladera que llaman La Respenda, lleva siglos levantada la ermita de San *Acisclo* y Santa Vitoria. A estos hermanos, que sufrieron el martirio en Córdoba a principios del siglo IV, está también dedicada la ermita de Bodia y había otra «bajo la advocación de San *Acisclo* y Santa Vitoria en el centro del barrio de Somaniezo» que ha desaparecido<sup>29</sup>.

A igrexa cítase no ano 831.

Vindo cara a Galicia, en Asturias, segundo unha web<sup>30</sup>, «el patricio Jovelanos, que también hizo un recorrido por estas tierras, nos dice lo siguiente: *Que fue una fundación de Flaino (laín) y Todisla, cerca de la Era 1.038, y que es la única de esta advocación que está cerca del mar. San Acisclo se pronuncia y se lee San Tocillo en lengua vulgar de Asturias*». Os nomes volven aparecer combinados noutra páxina web: «Se da noticia de los Octavos Encuentros Literarios de Pendueles, a celebrar en la indiana casona de Verines, tan vecina al medieval templo consagrado a San Tocillo de Maremotuo, como se decía en nuestra vieja lengua asturiana, y San Acisclos como se dice en las tierras del Cid»<sup>31</sup>. Máis coñecida é a solución Sandiche (Sancti Acisculi) que xa hai algún tempo incluiu en web X. L. García Arias<sup>32</sup>. Existe tamén un San Acisclo de Piñera (Asturias).

En Astorga (León) hai un acuartelamento e tamén nome dunha praza baixo a advocación de Santocildes.

Finalmente chegamos a Galicia, onde, a pesar de que o topónimo San Acisclo non é dos máis escasos na documentación medieval, hoxe na forma plena a penas ten incidencia na súa xeografía. Estes son os resultados do buscador de topónimos da Xunta<sup>33</sup>, con indicación de concello, parroquia e tipoloxía, referidos todos á provincia de Lugo:

- Santo Acisclo-Barreiros-San Pedro de Benquerencia (San Pedro) - Aldea.
- Estrada de Fazouro a Santo Acisclo-Foz-Santo Acisclo do Valadouro (Santo Acisclo) - Estrada.
- Estrada de Santo Acisclo Foz - Santo Acisclo do Valadouro (Santo Acisclo) - Estrada.

29 A memoria proporciona esta páxina web: [<http://www.xn--igrexenliebanaypearrubia-zrc.es/sebrango.html>], que inclúe fotos da capela, antes e despois dunha restauración ó redor do 2009. Interesantes, ademais, son as noticias das outras dúas capelas, que, dado o reducido da zona, falan a favor dun culto realmente popular.

30 [<http://asturmason.blogspot.com/2010/09/asturias-magica-y-esoterica-de.html>] (13/III/2012).

31 [[www.mcu.es/archivoswebmcu/verines/pdf/V92\\_ARDISANA.pdf](http://www.mcu.es/archivoswebmcu/verines/pdf/V92_ARDISANA.pdf)] (13/III/2012).

32 [<http://mas.lne.es/toponimia/>].

33 [<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>].

- Igrexa de Santo Acisclo Foz - Santo Acisclo do Valadouro (Santo Acisclo) - Edificios relixiosos (igrexas, capela, ermida...).
- Muíño de Santo Acisclo Foz - Santo Acisclo do Valadouro (Santo Acisclo) - Muíño / Batán / Folón.
- Ponte de Santo Acisclo Foz - Santo Acisclo do Valadouro (Santo Acisclo) - Ponte / pontella / pontón.

A estes resultados débeseles agregar o nome dunha parroquia que o buscador non localiza directamente –cousa que si facía Geonames–, xa que está integrado no nome da parroquia Santo Acisclo de Gullade no concello de Monforte, tamén en Lugo.

Foron a sagacidade e a intelixencia dun veterano estudoso de topónimos, N. Ares, as que, a partir de referencias actuais e de documentación medieval, lograron situar no mapa un Santadisco/Santarisco/Santarizco na parroquia de santa María de Saavedra (Begonte-Lugo). Trátase dun resultado que lima as durezas fonéticas do étimo e que xoga coas súas leis (Ares Vázquez 1996).

A presenza nun medio urbano dunha igrexa dedicada a santo Acisclo pode levar consigo que prazas, rúas, ruelas, travesas, negocios, colexios, escolas, costas, portas, etc. poidan ser designadas do mesmo modo. Seguramente se se levantaran dos actuais rúas urbanos eses topónimos teríamos un panorama algo distinto, incluso nalgún lugar no que se cambiou ou desapareceu este santo titular. Con esta designación, que seguramente non foi moi popular fóra de Córdoba ou Cataluña, poderíanse recompoñer épocas doutro tipo de devoción popular, ó redor dunha ermida quizás hoxe totalmente desaparecida. Algúns nomes de rúas referidos á noso haxiotopónimo son estas<sup>34</sup>: San Acisclo en Valle de Tobalina (comarca das Merindades, Burgos), rúa e travesía; San Acisclo, Castellar del Vallès, ó norte de Sabadell, Barcelona; S. Acisclo, no propio Barcelona; San Acisclo, en Córdoba; San Acisclo, Cerdanyola del Vallès, Barcelona. A pesar da rareza do nome do santo no reino de Valencia, localízase unha rúa en Alzira, pero co nome tradicional doutra comunidade, a castelá: San Tocildes. Excepcionalmente atopei un san Acisclo en Venezuela, sen moitas máis precisións, que tanto pode ser igrexa como un negocio.

Hoxe como nome de bautismo Acisclo non goza de moita popularidade. As bases de datos do INE asígnanlle a Acisclo 362 ocorrencias en todo o territorio nacional (Córdoba 75 -case 0.2 por mil-, Madrid 52, Barcelona 36, as provincias de frecuencia máis alta, cunha idade media de 59,2 anos; este dato débese com-

34 Hai, como é sabido, rúas de todas as cidades, pero non coñezo ningunha base de datos que os unifique e nos que se poida facer unha busca xeral. E son tan topónimos como os máis. Os mencionados saen ocasionalmente nos buscadores por negocios alí situados.

plementar con Iscle, que aparece en 24 casos (igual, dito sexa de paso, que os Jack Daniel), pero cunha idade media sensiblemente menor que a anterior: 31,9; aínda que Barcelona contabiliza 24, Xerona con 7 dá un 0,018 por mil. A dificultade que ofrece a pronunciación do nome xogou, quizás, en contra da súa popularidade, cousa que se pon de manifesto cando se compara as súas cifras coas do antroponimo feminino Victoria (61.538, idade media 49.3, posto 76 en popularidade) ou de María Victoria (65.040, 45,8, posto 70).

San Acisclo ou Santocildes poden ser tamén marcas comerciais que polo tanto van ter unha certa difusión comarcal ou rexional. San Acisclo en Navarra é o nome dunha empresa vinícola que parece que dista de ser tan coñecida como unha marca de chocolates de León, coñecida e recoñecida por todos os nenos que nela merendaron. Polo tanto son nomes que non resultan estraños nesas comunidades. O apelido Santocildes non resultará alleo á erudición dos historiadores do s. XIX, pois con ese apelido aparecen algúns destacados militares. En Galicia, a pesar da escasez de topónimos e santos titulares co nome de Acisclo, este non resulta inaudito xa que temos un artista recoñecido que entre nós populariza o nome, Acisclo Manzano, pero que todos no mundo da cultura coñecen sinxelamente por Acisclo; empeza a destacar outro, Acisclo Novo, tamén artista e mencionado tres veces na base de datos CORGA do CIRP, pero en máis de 40 ocasións refírese a Manzano.

Mentres San Acisclo queda, en xeral, como haxiotopónimo testemuña dunha civilización tradicional e con aire rural pola antiga Hispania, a irmá inventada pasa como santa a dar nome a varias cidades ou territorios americanos. En Arxentina temos Santa Victoria Este, localidade do departamento de Ribadavia, provincia de Salta; Santa Victoria Oeste, localidade do departamento Santa Victoria, provincia de Salta; e o departamento Santa Victoria no norte de Salta. No Brasil está Santa Vitória, en Minas Gerais, ademais dalgunhas entidades de poboación menores xunto con outros accidentes xeográficos.

O mesmo se pode dicir con respecto a Portugal, onde á parte de Santa Vitória, freguesía de Beja, Alentejo, hai outros topónimos co nome da santa, incluso nas illas Azores. Na propia España atopamos algunha máis santa Victoria -ó norte de Tarifa, Cádiz-, Parque Norias de Santa Victoria (Valadolide). En Francia o seu nome tamén é coñecido por un cadro de Paul Cézanne que se titula «la montagne de Sainte Victoire», que se corresponde efectivamente cun accidente xeográfico de tal nome nas proximidades de Aix-en-Provence, en provenzal Santo Ventùri. Agora ben, non podemos supoñer que todas as igrexas, poboacións, particularidades xeográficas se deban á santa cordobesa, xa que os santorais recollen outras Victorias non hispánicas.

## Referencias bibliográficas

- [ANÓNIMO] (1851): *Compendio historial, o relación breve y verídica del Portentoso Santuario y Cámara Angelical de Nuestra Señora de Monserrat*. Barcelona: Impr. y libr. de la viuda Torras.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1996): «Santarizco e Mozandeo, ¿Haxiotopónimos?», *Boletín de estudios del Seminario Fontán-Sarmiento* 17, 14-19.
- BECKER, Lidia (2009): *Hispano-romaniches Namenbuch*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- CODOLGA = LÓPEZ PEREIRA, J.E. (dir.) (2006-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [base de datos electrónica na URL: <http://balteira.cirp.es/codolga/consulta.asp>].
- CORGA = Rojo Sánchez, Guillermo (dir.): *Corpus de Referencia do Galego Actual*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [base de datos electrónica dispoñible na URL: <http://corpus.cirp.es/corga>].
- COROMINES, Joan (dir.) (1989-1997): *Onomasticon Cataloniae*, vols.8, Barcelona: Curial Edicions Catalanes, s.v. ISCLES.
- DAREMBERG, Charles Victor / Edmond SAGLIO (1963-1969): *Dictionnaire des antiquités grecques et romaines*. Graz: Akademische Druck.
- ERNOUT, A. / A. MEILLET (1985): *Dictionnaire etymologique de la langue latine: histoire des mots*. París: Klincksieck, s. v. ASCIA.
- GARCÍA RODRÍGUEZ, Carmen (1966): *El culto de los santos en la España romana y visigoda*. Madrid: CSIC.
- KAJANTO, Iiro (1982): *The Latin cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider, nº 342.
- LEONARDI, Claudio *et al.* (2000): *Diccionario de los santos*. Madrid: San Pablo; e coa firma de J.L. Repetto Vol. I, s.v. Acisclo y Victoria.
- PIEL, Joseph M. (1949-1950): «Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponimia peninsular», *Biblos* 25, 287-353; 26, 281-314.
- RILGA = *Recursos Integrados da Lingua Galega*, con sede na Universidade de Vigo (base de datos electrónica na URL: <http://sli.uvigo.es/RILG/>).
- TILG = SANTAMARINA, Antón (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.[base de datos electrónica en URL: <http://www.ti.usc.es/TILG>].
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [base de datos electrónica en URL: <http://ilg.usc.es/tmilg> ou <http://sli.uvigo.es/xelmirez/>].

